

MÁIS ORGULLO, MÁIS DEREITOS, MÁIS SINDICATO

MANIFESTO DA ÁREA LGTBI DE UGT GALICIA



28 DE XUÑO DE 2025

Desde UGT conmemoramos o 28 de xuño, día Internacional do Orgullo LGTBI. Baixo o lema + Orgullo, mellor sindicato. Reafirmamos que as persoas do colectivo permítennos ser unha organización e unha sociedade mellor.

O SINDICALISMO TRANSFORMA A VIDA DAS PERSOAS

E é que, desde a UGT, fomos parte activa na conquista de **dereitos fundamentais**. Traballando incansablemente para que as empresas non sexan espazos de discriminación, senón de liberdade, igualdade e respecto. Por iso, estes últimos anos, grazas á loita colectiva LGTBI do noso sindicato e ao traballo que realizamos no dialogo social, podemos celebrar avances decisivos.

En primeiro lugar, a aprobación da **Lei 4/2023** coñecida como Lei Trans e Lei LGTBI, en cuxo **artigo 15.1** recoñécese a obrigaón das empresas de respectar e protexer a diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e de adoptar medidas para previr e corrixir situacións de acoso ou discriminación.

Obxectivo principal que tiñamos hai uns anos e que hoxe é unha realidade

É unha realidade porque logramos con presión o desenvolvemento do **Real Decreto 1026/2024**. Este RD abre todos os nosos convenios colectivos para incluír medidas de protección, e protocolos de actuación contra a LGTBIfobia. Imos negociar ata a última coma, situando a diversidade e o benestar laboral do colectivo, no centro da nosa acción sindical.

CONTRA A LGTBIFOBIA NO EMPREGO: TOLERANCIA CERO

Hai que nomear este odio porque existe. O acoso e a violencia sexual, as agresións físicas e as verbais, así como os rexeitamentos nas entrevistas de traballo e os problemas de saúde que todo isto trae consigo.

O 78 % das persoas LGTBI experimentou algún tipo de violencia na súa contorna laboral. E isto corrobóroa o 75 % de traballadores e traballadoras que

MÁIS ORGULLO, MÁIS DEREITOS, MÁIS SINDICATO

presenciaron agresións verbais cara a persoas LGTBI no traballo. Polo que non é de estrañar que o 40% oculte a súa orientación ou a súa identidade.

Acabemos cos chistes, cos rumores, co illamento que se fai ás persoas LGTBI nas nosas empresas. Acompañemos á nosa xente trans e fagamos que os nosos centros de traballo sexan espazos seguros para que manteñan o seu emprego e non renuncien a el. Independentemente de como conformemos a nosa familia, de como sexa a nosa identidade ou xénero. Denunciemos as agresións e ensinemos que o amor non fai dano.

O ORGULLO TAMÉN SE DEFENDE NOS CONVENIOS

Non queremos compaixón, queremos dereitos. Non queremos silencio, queremos visibilidade. Non queremos medo, **QUEREMOS MÁIS ORGULLO**. E iso empeza por asegurar que as condicións laborais non dependan de a quen ames ou como te identifies, cal sexa a túa expresión de xénero, as túas características anatómicas ou a familia á que pertenzas. **O orgullo non é só unha celebración é unha ferramenta de loita e un dereito sindical!**

Por iso, compañeiras e compañeiros, imos pelexar ata a última mesa de negociación para que os nosos convenios amparen o respecto e cambien a cultura empresarial deste país. E tamén imos estar nas rúas, coas nosas bandeiras reclamando igualdade laboral e o fin da LGTBIfobia.

Dicímolo alto e claro:

UGT defende a igualdade LGTBI e os seus dereitos laborais!

Orgullo é ter dereitos e exercelos no traballo sen medo!

UGT está e estará ao carón de todas as persoas LGTBI, porque esta loita tamén é sindical!